## CIRCULAR 75/2008 (INCLÚE HORARIO FASE FINAL+NORMATIVA DISCIPLINA DEPORTIVA)

- A todas as Delegacións (*)

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

# LIGA ESCOLAR CAIXANOVA DE ATLETISMO 2008/09

## NORMATIVA

### INTRODUCCIÓN

A Federación Galega de Atletismo organizará durante o ano 2008/09 a **II Liga Escolar Caixanova de Atletismo** co obxecto de promover e fomentar a práctica atlética entre os mais cativos.

Esta oferta atlética está patrocinada por Caixanova e pola Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia

### PARTICIPANTES

**Art. 1.-** Poderán participar tódolos nenos e nenas das categorías **alevín** (nados nos anos 1997 e 1998) e **Infantil** (nados nos anos 1995 e 1996) ***segundo a normativa de Deporte en Idade Escolar,*** que pertenzan a un clube ou colexio da Comunidade Autónoma de Galicia. Térase sempre en conta a **tempada 2008/09**. En calqueira dos encontros previstos poderán organizarse competicións para **benxamíns** sempre e cando o número de participantes das categorías alevín e infantil o propicien.

**Art. 2.-** Os nenos/as participantes soamente poderán estar inscritos nun colexio ou club, non estando permitido o cambio de clube ou colexio durante o periodo de participación nesta liga.

### PROGRAMA DE PROBAS E SISTEMA DA COMPETICIÓN

**Art. 3.-** En todalas fases da competición celebraránse as seguintes probas:

| ALEVIN | INFANTIL |
|---|---|
| 60 ml | 60 ml |
| 500 ml | 500 ml |
| 1000 ml | 1000 ml |
| Salto de lonxitude | 2000 ml |
| Salto de altura*[3] | Salto de Altura *[3] |
| Lanzamento de peso | Salto de lonxitude |
| 2 km marcha *[4] | Salto con pértiga *[2] *[3] |

| | |
|---|---|
| | Triple salto |
| | Lanzamento de peso |
| | 60m.v *1 |
| | 2 km marcha *4 |

*1 A altura das vallas será de 0.762 para as mulleres e 0.84 para homes.

*2 Esta proba celebraráse en función dos recursos materiais que posúa cada estadio..

*3 Ver en anexo en cadencias.
*4 Soamente existirá nas fases previas. Non se realizará na fase final.

**Art. 4.-** O sistema de competición está composto por distintas fases previas a celebrar en distintas comarcas e unha fase autonómica pola que se accederá mediante sistema de selección das mellores marcas obtidas polos atletas nas fases previas, os clubes deben acudir as pistas da competición que por proximidade xeográfica teñan mais perto. Para unha mellor organización non ser permitirá a participación en dous encontros distintos.

A FGA abonará a cantidade de **50 euros** en concepto de axuda de desprazamento para todos aqueles clubes que teñan a súa sede oficial a lo menos a 20 km da celebración do encontro de Caixanova e sempre e cando leven un mínimo de 15 atletas.

- **Se celebrará un encontro previo á final autonómica nas seguintes pistas de atletismo:**
  - Provincia de A Coruña: Santiago e Ferrol.
  - Provincia de Lugo: Lugo.
  - Provincia de Pontevedra: Pontevedra e Vigo.
  - Provincia de Ourense: O Barco de Valdeorras.
- **1 Fase Autonómica** a celebrar no Pavillón de Deportes de Riazor (Coruña)

## DATAS DA COMPETICIÓN

**Art. 5.-** Tódalas competicións da Liga faránse nuha soa xornada, preferiblemente na mañá dos sábados.

**Art. 6.-** Os encontros están previstos para o dia **22 de novembro (Santiago de Compostela e o Barco de Valdeorras) e o dia 29 de novembro (Lugo, Vigo, Pontevedra e Ferrol) de Novembro**. Por último a fase final terá lugar no Pavillón dos Deportes de Riazor día **20 de Decembro** do 2008.

**ENCONTROS** ➡ **FASE AUTONÓMICA**

**(Sábado 22 e 29 de Novembro)** **(Sábado 20 de Decembro)**

## COMPETICIÓN INDIVIDUAL

**Art. 8.-** Clasificaranse para a fase autonómica as 24 mellores marcas de todolos encontros previos á fase final.

**Art. 9.-** Soamente serán válidas para clasificarse as marcas obtidas nestes encontros previos.

**Art. 10.-** Para a clasificación por marcas a FGA engadirá 34 centésimas aos tempos obtidos manualmente nas probas de 60 metros lisos e 60 metros valados co fin de minimizar o marxe de erro da cronometraxe manual.

**Art. 11.-** Na **categoría alevín** cada atleta poderá participar nun máximo de **dúas probas** das que compoñen o programa. No caso de participar en dúas carreiras só poderá realizarse unha de máis de 250 metros.

**Art. 12.-** Na **categoría infantil** cada atleta poderá participar **nun máximo de 3 probas** das que compoñen o programa, respetando sempre a seguinte norma de participación:

- 3 Concursos.
- 2 concursos e unha carreira.
- 1 concurso e dúas carreiras (sendo unha delas inferior os 350 metros)

**Art. 13.-** Para participar na fase final será obrigatorio participar na fase previa. Soamente en casos excepcionais (lesión ou enfermidade) a FGA previa proposta razoada do adestrador ou clube, poderá autorizar a participación dos atletas na fase autonómica, sempre e cando se comunique antes do 1 de Decembro e que o atleta obtivera unha mellor marca en calquer outro encontro que o último atleta clasificado para a fase autonómica na súa respectiva modalidade.

**Art. 14.-** Nas carreiras por rúas celebraranse semifinais e finais, clasificándose para a final segundo o artigo 166.2 do Regulamento Internacional de Atletismo. No caso de houber moita participación, e so nas fases previas, poderánse fazer a final por tempos. Nos saltos horizontais e lanzamentos, cada atleta só terá dereito a catro intentos nas fases previas sempre que o número de participantes na proba sexa superior a oito. Se houbera menos de 9 participantes habería 3 intentos mais 3 de mellora. Na fase autonómica realizaránse 6 saltos ou lanzamentos.

**Art. 15.-** O xuíz da proba solicitará unha foto ou DNI de cada neno para verificar a correcta identidade do atleta, polo que será imprescindible que os nenos leven consigo a zona de competición un documento que reflexe a súa identidade a través dunha fotografía. A ausencia deste documento pode conducir a descalificación do participante no Campionato.

## COMPETICIÓN POR EQUIPOS

**Art. 16.-** Na fase autonómica existirá unha clasificación por equipos alevin (masculino e femenino) e outra infantil (masculino e femenino) en base as medallas acadadas por cada un deles, Tendo en conta o seguinte sistema de puntuación: Medalla de ouro (3 puntos), medalla de prata (2 puntos) e medalla de bronce (1 punto). Será o gañador o equipo que mais puntos obteña ao final da competición. No caso de empate entre dous ou mais equipos, clasificarase en primeiro lugar o equipo que teña mais primeiros postos, de persistir o empate, os segundos postos, etc.

## INSCRICIÓNS

**Art. 17.-** Tódalas inscricións deberán ser feitas no modelo oficial que se anexa neste documento.

As inscricións dos colexios ou clubes para a **fase Autonómica** realizaranse na FGA a través do sistema de **inscrición online** ata o **16 de Decembro** do 2008. Mentres que as inscricións para as **fases previas** faránse nas respectivas delegacións. O prazo límite da inscrición para estas remata o **día 18 de Novembro (Santiago e o Barco de Valdeorras) e o día 25 de novembro para o resto dos encontros**.

## DISCIPLINA DEPORTIVA

**Art. 18.-** As infraccións das normas xerais de conducta deportiva, así como as cometidas con ocasión ou como consecuencia dos encontros e competicións deportivas, serán denunciadas ante o Comité de Disciplina Deportiva da Federación Galega de Atletismo, dentro dos 7 días seguintes ao remate do encontro.

## COMPORTAMENTO NA COMPITICIÓN

Dado o alto número de inscricións rexistradas neste campionato e co fin de facilitar e axilizar o desenvolvemento da competición agradecemos a **lectura detida** desta normativa interna para que os delegados de cada club velen polo coidado e atención dos seus nenos.

## CONFIRMACIÓNS

Os delegados deberán recoller o sobre cos dorsais na Secretaria de confirmacións sita na entrada do Pazo dos Deportes.

En dita confirmación soamente se comunicarán as **baixas** dos atletas que non van a participar (Enténdese que o resto de atletas van a participar na proba).

Cada club deberá traer os imperdibles correspondentes ós dorsais dos seus atletas. **En ningún caso a organización facilitará imperdibles**.

## COMPORTAMENTO DOS ATLETAS

Soamente poderán acceder a zona de competición os atletas que nese momento estean competindo.

Para un axeitado desenvolvemento das competicións queda **totalmente prohibido** realizar o quecemento na pista, entendéndose quecemento coma carreira continua pola pista, mobilidade articular e estiramentos. Habilitarase unha zona para tal fin sita a carón da cámara de chamadas e/ou no frontón.

## DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS DE CARREIRAS E CONCURSOS

Tódolos atletas momentos antes da súa competición deberán permanecer na zona de cámara de chamadas, sita fóra da pista, baixo a grada, próxima a saída dos 50 m.l. (ver mapa), onde se agruparán aos atletas nas súas respectivas series. Unha vez formadas as series, soamente accederán a pista os atletas correspondentes a serie que compite. O acompañamento destes atletas o fará sempre o **xuíz**.

## PROTOCOLO DE ENTREGA DE MEDALLAS

Chamarase por megafonía aos tres primeiros clasificados de cada proba. Tódolos atletas nomeados deberán acudir á zona de secretaría (ver mapa) e esperar alí ata que o xefe de protocolo os recolla para acompañalos ao podio. Por tanto, **NINGÚN** atleta poderá acceder dende a grada ao podio.

**O incumprimento desta normativa conducirá a non participación noutros campionatos desta índole.**

Todo o non contemplado nesta normativa seguirá as normas da FGA.

## HORARIO FASE AUTONÓMICA

Todolos participantes deberán presentarse na **cámara de chamadas 30´antes da proba**. O acceso á pista soamente permitirase dende a cámara de chamadas. Rogamos a todolos adestradores e delegados dos clubes que velen polas **boas conductas e disciplina deportiva dos seus atletas**. Mantendo controlado o acceso á pista dos seus participantes.

| FASE FINAL II LIGA CAIXANOVA<br>A Coruña, 20 de Decembro de 2008 | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 50 m.l. | Mulleres | Alevin | Semifinais | **11.00** | Altura | Homes | Infantil | FINAL |
| | | | | | Peso | Mulleres | Infantil | FINAL |
| | | | | | Triple | Mulleres | Infantil | FINAL |
| 50 m.l. | Homes | Alevín | Semifinais | **11.20** | | | | |
| 50 m.l. | Mulleres | Infantil | Semifinais | **11.40** | Lonxitude | Mulleres | Alevin | FINAL |
| 50 m.l. | Homes | Infantil | Semifinais | **12.00** | | | | |
| | | | | **12.15** | Peso | Homes | Infantil | FINAL |
| 500 m.l. | Homes | Alevin | FINAL A-B | **12.20** | | | | |
| 500 m.l. | Mulleres | Alevín | FINAL A-B | **12.35** | Altura | Homes | Alevin | FINAL |
| 500 m.l | Homes | Infantil | FINAL A-B | **12.50** | Lonxitude | Homes | Infantil | FINAL |
| 500 m.l. | Mulleres | Infantil | FINAL A-B | **13.05** | | | | |
| 50 m.l. | Mulleres | Alevín | FINAL | **13.20** | Pértega | H-M | Infantil | FINAL |
| 50 m.l. | Homes | Alevín | FINAL | **13.30** | | | | |
| 50 m.l. | Mulleres | Infantil | FINAL | **13.40** | | | | |
| 50 m.l. | Homes | Infantil | FINAL | **13.50** | | | | |
| | | | | | | | | |
| 50 m.v. | Homes | Infantil | Semifinais | **16.00** | Altura | Mulleres | Alevín | FINAL |
| | | | | | Peso | Homes | Alevin | FINAL |
| | | | | | Triple | Homes | Infantil | FINAL |
| 50 m.v. | Mulleres | Infantil | Semifinais | **16.15** | | | | |
| 1000 m.l. | Homes | Alevín | FINAL A-B | **16.35** | | | | |
| | | | | **16.40** | Lonxitude | Mulleres | Infantil | FINAL |
| 1000 m.l. | Mulleres | Alevín | FINAL A-B | **16.55** | | | | |
| 1000 m.l. | Homes | Infantil | FINAL A-B | **17.15** | | | | |
| | | | | **17.30** | Altura | Mulleres | Infantil | FINAL |
| | | | | | Peso | Mulleres | Alevin | FINAL |
| 1000 m.l. | Mulleres | Infantil | FINAL A-B | **17.35** | | | | |
| | | | | **17.50** | Lonxitude | Homes | Alevin | FINAL |
| 2000 m.l. | Homes | Infantil | FINAL A-B | **17.55** | | | | |
| 2000 m.l. | Mulleres | Infantil | FINAL A-B | **18.20** | | | | |
| 50 m.v. | Homes | Infantil | FINAL | **18.45** | | | | |
| 50 m.v. | Mulleres | Infantil | FINAL | **18.55** | | | | |

En A Coruña a 16 de decembro do 2008

Asdo.
Victor Arufe Giráldez
Secretario Xeral FGA

**Mais información na Federación Galega de Atletismo**

**web: www.atletismogalego.org Tlf.: 981291683**

# ANEXOS

## Cadro resumo das datas importantes

| DATA | INFORMACIÓN | LUGAR |
|---|---|---|
| **Ata o dia 18 (Santiago e O Barco) e 25 de novembro (Resto localidades)** | Date límite de envío de inscricións para participar nas fases previas | Delegación que corresponda según proximidade xeográfica (Lugo, O Barco, Pontevedra, Cangas, Ferrol e Santiago) |
| **22 e 29 de Novembro** | Celebración das fases previas nas distintas pistas de atletismo que organicen a competición | Pistas de atletismo que organicen o evento |
| **11 de Decembro** | Data límite de envio de inscricións para participar na fase autonómica | Federación Galega de Atletismo |
| **20 de Decembro** | Celebración da Fase Autonómica | A CORUÑA (Pista Cuberta Riazor) |

## Directorio e contacto das Delegacións da FGA

### Federación Galega de Atletismo

- **Presidente**: Isidoro Hornillos Baz
- **Secretario Xeral**: Victor Arufe Giraldez
- **Tesorera**: Claudio Hornillos Baz
- **Estadística**: Luis Gómez Fiaño
- **Secretario Técnico**: Claudio Hornillos Baz
- **Coordinado Comité Técnico**: Marcos Seijo Bujía
- **Presidente C.G.Xuíces**: Dolores Rojas Suarez
- **Secretaria administración:** Dolores Rojas Suárez

**Delegación da F.G.A. na Coruña**

- **Delegado**: Isidoro Hornillos Baz
- **Secretario**: Victor Arufe Giraldez
- **Director Técnico:** Marcos Seijo Bujía
- **Delegada de Xuíces:** Isabel Torres Taboada
- **Dirección**: Avda de Glasgow 13.- Complexo Deportivo Elviña.-15008 A Coruña
- **Teléfono**: 981 291683/981 291799
- **Fax:** 981 202056
- **Correo Electrónico:** gestion@fgatletismo.com
- **Horarios de atención**: Luns a Venres de 17.00 a 21.00

**Delegación da F.G.A. en Ferrol**

- **Delegado**: Ricardo Monzón López

- **Director Técnico:** Oscar Tolosa Estevez
- **Delegado de Xuíces:** Diego Fernández Somoza
- **Dirección**: Pista Polideportiva " A Malata".-A Malata Serantes s/n 15405 FERROL
- **Teléfono**: 981370600
- **Fax:** 981 370600
- **Correo Electrónico:** atletismoferrol@hotmail.com
- **Horarios de atención**: L-X-V 19.00 a 20.30

**Delegación da F.G.A. en Santiago**

- **Delegado**: Ivan Pablo Sanmartin Carreira
- **Secretario**: Pedro José Sánchez del Rio
- **Director Técnico:** Lorena Silva Touriño
- **Delegado de Xuíces:** Jesús Silva Pérez
- **Dirección**: Estadio de la Universidad. Avda Novoa Santos s/n 15706 Santiago
- **Teléfono**: 619 847195- 981 192331
- **Fax:** 981 191559
- **Correo Electrónico:** FGAsantiago@gmail.com
- **Horarios de atención**: Luns-Mércores- e Venres de 18.00 a 20.00

**Delegación da F.G.A. en Lugo**

- **Delegado**: José Luis Fernández Perejón
- **Secretaria**: Isis Jordá Alvarez
- **Director Técnico:** Manuel López Castaño
- **Delegada de Xuíces:**
- **Dirección**: Facultad de Ciencias .-Campus Universitario
- **Teléfono**: 981251999
- **Fax:** 981251999
- **Correo electrónico:** fgalugo@gmail.com
- **Horarios de atención**: Martes, Jueves y Viernes de 9.30 a 12.00 O móvil delegado 666316328

**Delegación da F.G.A. en Ourense**

- **Delegado**: Manuel Blanco Sabucedo
- **Secretario**: Angel Fidalgo Vázquez
- **Director Técnico:** Angel Fidalgo Vázquez
- **Delegada de Xuíces:** Begoña Santiago Cabanelas
- **Dirección**: Noriega Varela 12, bajo 32004 Orense
- **Teléfono**: 988245353
- **Fax**: 988245353
- **Correo electrónico:** fgaourense@yahoo.es
- **Horarios de atención**: Martes, Mércoles e Xoves de 19.00 a 21.00

**Delegación da F.G.A. en Pontevedra**

- **Delegado**: Isidoro Hornillos Baz
- **Secretario**: Amalia Bretal
- **Director Técnico:** Pere Llonch
- **Delegada de Jueces:** Eloy Bretal
- **Dirección**: Estadio de la Juventud (CGTD) c/Fernando Olmedo s/n 36002 Pontevedra
- **Teléfono**: 986864522
- **Fax.** 986864522
- **Correo electrónico:** atletismopontevedra@yahoo.es
- **Horarios de atención**: martes e venres de 19.00 a 21.00

**Delegación da F.G.A. en Vigo**

- **Delegado**: Eleuterio García Rodriguez
- **Secretario**: Mar García López
- **Director Técnico:** Hipólito Sousa Fernández
- **Delegado de Xuíces:** Ángel Alonso Domínguez

- **Dirección**: Fotógrado Luis Ksado 17.-Casa do Deporte 36209 Vigo
- **Teléfono**: 986221500
- **Fax:** 986441216
- **Correo Electrónico:** FGAVIGO@terra.es
- **Horarios de atención**: Luns a Xoves de 19.00 a 21.00


## Cadencias altura

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Alevín mas/fem** | **0,90** | **0,95** | **1,00** | **1,05** | **1,10** | **1,15** | **+5** |
| **Infantil mas/fem** | **1,00** | **1,05** | **1,10** | **1,15** | **1,20** | **1,25** | **+5** |

## Cadencias pértiga

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Infantil mas/fem** | **1,70** | **1,75** | **1,80** | **1,85** | **1,90** | **1,95** | **+5** |

**ORGANIGRAMA DA COMPETICIÓN**



Federación Galega de Atletismo
Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 - Fax: 981-292056. Correo: gestion@fgatletismo.com www.atletismogalego.org

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE
Dirección Xeral para o Deporte

# FOLLA INSCRICIÓN LIGA ESCOLAR

## (CUBRIR UNHA FOLLA PARA CADA CATEGORÍA)

| DATA | | LUGAR | |
|---|---|---|---|

| CLUBE/COLEXIO |
|---|

| CATEGORIA : ALEVIN☐ INFANTIL☐ |
|---|

| Dorsal | Licenza | Nome e Apelidos | Ano | Proba |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

En ________________________a __________de_______________-de 2008

Ado: O Delegado do clube/colexio

caixanova
SOGAMA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
Mar de Couso — La mar de saludable para el deporte